

ELECCIÓN 2022
CANDIDATURA XUNTA DE GOBERNO

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

"Chorima nosa chorima, tan amarela no monte, ti e-la fror dos galegos, dos de onte e dos de hoxe. Fror de toxo, fror de toxo, fror da galeguidade as raíces son a ialma a chorima a saudade. Arrecendes os toxales, non te quixeches na casa, ergueita brava e ceibe como os galegos de raza. Somente a nosa terra abona a túa semente, chorima ti sí es nosa, fúche-lo e sera-lo sempre".
Saraibas

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

PRESENTACIÓN

Utilizamos a metáfora da pranta que representa o CEESG para facer un percorrido cercano que vos achegue a esta candidatura que se inicia cunha equipa chea de ilusión e propostas claras que sitúen á nosa profesión onde sabemos que debe estar, ó carón da cidadanía, moi cerca, con agarimo presente dos e das profesionais da Educación Social.

1. A FLOR DO TOXO
2. AS TOXAS
3. A PRANTA
4. O REGO DA PRANTA



SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

A Educación Social é un “*Dereito da cidadanía que se concreta no recoñecemento dunha profesión de carácter pedagóxico, xeradora de contextos educativos e accións mediadoras e formativas, que son o ámbito de competencia profesional do educador e da educadora social*” (ASEDES, 2008: 13).

O Colexio profesional de Educadoras e Educadores sociais de Galicia (Ceesg) é o soporte fundamental para avanzar nesta loita de transformación social.

Temos como horizonte a salvagarda dos dereitos da cidadanía en planos de equidade e xustiza social e, polo tanto, a busca dunha mellor calidade de vida individual e colectiva.

A Educación Social é profesión con identidade propia, con base científica e demostrable, e con métodos de traballo que se desenvolven en ámbitos de acción-intervención específicos.

Esta equipa vai a traballar para a profesión a través da xeración de redes, sinerxias e construción con e para a cidadanía dunha profesión esencial que ten a súa esencia nas profesionais que a conformamos.

1. A FLOR DO TOXO: A ESENCIALIDADE DA EDUCACIÓN SOCIAL

Un dos nosos retos principais será **visibilizar a Educación Social** á cidadanía e amosar que educadoras e educadores estamos a desenvolver labores esenciais para reivindicar esta como esencial

A reafirmación comprometida do CEESG coa colexiación daralle continuidade á liña establecida en anos anteriores apostando por unha representación que xere maior visibilidade da Educación Social, posibilitando a *incorporación da Educación Social* nas administración locais, entidades sociais e achegándoa á cidadanía

A esencialidade da Educación Social manterase a través de:

- A identificación da profesión pola cidadanía
A promoción e achegamento da Educación Social á cidadanía será base das nosas actuacións
- O establecemento dunha liña clara de calidade na práctica da profesión colexial.
A defensa da profesión a través dun proceso claro e definido de **formación de calidade** e representación visibilizada para lograr esta presenza.
- Representación provincial da XG. A través da cercanía das persoas que representamos esta xunta de goberno espalladas polo territorio daremos voz á colexiación e ás propostas presentadas.

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

2. AS TOXAS: A EQUIPA

O compromiso e clave desta equipa é a representación visible no conxunto da colexiación, cidadanía, entidades e administracións.

Mantendo como guía o marco que establece o Decreto 230/2006, do 30 de novembro, polo que se aproban os Estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, os nosos principios de actuación serán:

- Promover o recoñecemento social e profesional da educación social a través da representación dos intereses profesionais das persoas colexiadas especialmente nas súas relacións coa Administración.
- Ordenar o exercicio profesional en calquera das súas formas e modalidades.
- Defender os intereses profesionais das persoas colexiadas.
- Velar para que a actuación das persoas colexiadas correspondan aos intereses e necesidades da sociedade en relación co exercicio da profesión.
- Garantir o cumprimento da boa práctica e das obrigas deontolóxicas da profesión.
- Protexer os intereses das persoas usuarias e consumidoras dos servizos profesionais.

Esta equipa seguirá caracterizándose por:

1. A responsabilidade social e reivindicativa na defensa da educación social.
2. O compromiso coa ética e o código deontolóxico da nosa profesión.
3. A transparencia e a pluralidade.
5. A participación, o carácter proactivo e propositivo, achegando propostas tecnicamente argumentadas e de valor ético, político e socioeducativo.
7. O traballo en rede entre profesionais, aberto e colaborador con outras entidades e profesións relacionadas coa intervención social e coa comunidade.
8. A utilidade e a eficiencia, dando respostas ás demandas e preocupacións das persoas colexiadas e non colexiadas, así como ao resto da cidadanía.
9. A actualización. Un colexio visible e empoderado.
10. A horizontalidade, construindo e transformando en equipo.

Feminismo e Diversidade sempre presentes

Tarefas/Sementes:

- Perspectiva de xénero na intervención socioeducativa dende a ES: formación e divulgación.
- Incorporación de figura profesional como profesionais de CIMs de Galicia.

3. A PRANTA

O CEESG conformarase a través de dous espazos definidos:

Xunta de Goberno e Áreas de traballo

XUNTA DE GOBERNO

Tarefa: Representación da colexiación

A estrutura da Xunta de Goberno queda distribuída en tres Áreas de Traballo, coordinadas polas compoñentes da Xunta Permanente do Ceesg,

Manter unida á colexiación é necesario e favorecerase a través de representación Colexial espallada polo territorio co principio de actuación centrado en estar preto das persoas e de realizar una eficaz e eficiente representación

- Presidencia: Sonia María González Rodríguez
- Vicepresidencia: Rocío Núñez Rúa
- Secretaría: Alfonso Tembrás López
- Tesouraría: Rodrigo Gil Cedillo
- Vogal: Jesús Deibe Fernández Simo
- Vogal: Pilar Ramallal Fernández
- Vogal: Noelia Rodríguez Álvarez
- Vogal: María Jesús Segade Conde
- Vogal: María del Carmen Zamora Castro

ÁREAS DE TRABALLO

Traballaremos a través de tres espiñas interdependentes (Eixos), unha principal que de xeito transversal e a través da representación funcione de fío condutor

- **ESPIÑA 1/EIXO PRINCIPAL: Acción profesional e sociolaboral**
- **ESPIÑA/EIXO 2: Desenvolvemento profesional**
- **ESPIÑA/EIXO 3: Participación colexial**

ESPIÑA 1/EIXO PRINCIPAL: Acción profesional e sociolaboral

Centrada na busca dunha maior presenza da nosa profesión,

Tarefa principal

Representación nas Administracións públicas amosando a Educación Social como eixo fundamental das políticas públicas.

O punto forte da nosa profesión é a presenza continuada nunha atención centrada na persoa en todos os ámbitos de intervención social polo que a nosa labor centrarase en facer visible a nosa intervención e posibilitar que esta presenza se garanta normativamente.

Difusión da Educación Social no ámbito privado: entidades, profesionais emprendedoras e de exercicio libre ...

Dignificar a profesión será unha das nosas teimas na busca de mellores condicións laborais no público e no exercicio libre.

Tarefas /Sementes

- SEAFs: Promover a presenza da Educación Social en todas as equipas de Servizos Sociais dos concellos e provinciais
- CIMs: Reivindicaremos a necesaria imprescindible presenza da Educación Social para asegurar o acompañamento socioeducativo que podemos e debemos ofrecer ademais da intervención dende a prevención.
- Mediación: familiar, comunitaria e no ámbito xudicial.
- Bolsa de difusión de empresas de Educación Social
- Convenios con entidades de intervención dende a Educación Social
- Comunicación cos sindicatos na procura da presenza destes nas entidades e como garantes das adecuadas condicións laborais.

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

ESPIÑA/EIXO 2: Desenvolvemento profesional

Tarefa principal

Mellorar a calidade formativa da colexiación ca organización dun ambiciosos plan de traballo plurianual que integre as necesidades da profesión.

Visibilización da profesión a través de distintas xornadas, congresos....

Realizaremos propostas claras de tribunais compostos de Educación Social e temarios de Educación Social con Educación Social

Tarefas/Sementes

- Universidade: contacto directo, actualización e reciclaxe da formación
- Programas de Prácticas de e por a Educación Social
- Desenvolvemento de materiais claves para a profesión

ESPIÑA/EIXO 3: Participación colexial

Tarefa principal

Manter a colexiación informada a prol da mellora profesional
Facilitar vías de participación a través dos grupos de traballo principalmente a prol da mellora profesional e de promoción da forza colexial.
Xerar novos espazos de diálogo coa colexiación (encontros profesionais, webinaros...)

Tarefas/Sementes

- **Os Puntos de Información Colexial, PICs**

Os PIC constitúen un espazo de referencia para a comunicación entre as diferentes Universidades galegas onde se imparte a titulación de Educación social e o Ceesg. Achegando, de xeito áxil e próximo, información, propostas, campañas e actuacións do propio Colexio ao estudantado e á comunidade universitaria en xeral.

Reforzaremos os PICs a través das delegadas territoriais realizando este reforzo a través da visibilización e contacto continuado do CEESG cas profesionais en formación.

Sementes:

- Reunións cuatrimestrais co alumnado dos PICs
- Actividades de promoción da Educación Social

Nesta nova andadura reforzaremos a comunicación co estudantado das universidades galegas e a participación convivencial co estudantado de Educación Social a través de propostas de retroalimentación entre estudantado e figuras profesionais de diferentes ámbitos da Educación Social.

GRUPOS DE TRABALLO

Os grupos de traballo constitúen unha das vías de participación no Ceesg, e un elemento fundamental do CEESG.

Será a vía principal de participación e encontro da profesión colexial.

Darémolle maior protagonismo ós grupos de traballo a través de tarefas concretas e representación acompañada de xunta de goberno; a figura de coordinación de grupos de traballo será un elemento clave para posibilitar e incrementar os procesos de participación colexial.

Tarefas/Sementes

- Xerar contido en redes e web do Ceesg con materiais asociados os grupos - Periodicidade mensual
- Webinar: creación de rede de ES por grupos - Periodicidade semestral

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

Actualmente existen 8 grupos en activo

1. Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica (GEIX)
2. Grupo de Educación Ambiental e Desenvolvemento Comunitario (A Eira)
3. Grupo de Traballo en Igualdade (Fiadeiras)
4. Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias (aBeira)
5. Grupo de Traballo en Infancia e Adolescencia (Escaravellando)
6. Grupo de Diversidade Funcional (Ceesg en Diverdade)
7. Grupo de Traballo de Saúde (Miolo)
8. Grupo de Animación Sociocultural e Xestión Cultural

Iniciamos a andadura de tres *novos grupos de traballo*:

- Grupo Educación Social na Educación
- Grupo Educación Social e prisións
- Educación Social e Dereitos Sociais: Renda Básica como dereito da cidadanía

OUTROS ESPAZOS

- **Delegacións Territoriais**

Asumirá as relacións institucionais e de representación na provincia e/ou territorio. Realizarase a través de representación de persoa da xunta de goberno dese asociada a ese territorio para a dinamización e atención da colexiación nesa zona dende a cercanía.

- **Comisión Ética e Benestar Profesional**

Esta Comisión xurde coa finalidade de impulsar e asentar as cuestións éticas e de coidado no Ceesg, velando por unha praxe socioeducativa coherente cos principios e valores que se derivan do noso código deontolóxico e, promovendo estratexias que melloren as cotas de benestar da comunidade profesional da educación social.

- **Espazo Autocoidado e Supervisión**

Nos últimos tempos fíxose se cabe máis patente a necesidade de autocoidado e coidado profesional e esta será unha das nosas teimas porque “ para coidar hai que coidarse” e manter unha colexiación coidada entendemos favorece a calidade das nosas profesionais. Favoreceremos a participación, a través deste espazo, de entidades que no territorio e vencelladas á Educación Social traballan neste labor.

- **Espazo dialoga**

O Ceesg participou, xunto co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, nun espazo de traballo en rede onde construír liñas de acción en común con profesións do eido social, ademais de dar a coñecer a nosa profesión.

Proposta clara de colaboración interprofesional definindo nos comezos da andadura as posibilidades e liñas de colaboración.

4. REGO DA PRANTA

Para operativizar os obxectivos formulados realizamos unha novidosa proposta clara en canto a

COMUNICACIÓN

A través da Educadora Social do CEESG e do apoio externo realizarase unha liña clara de visibilización mediática da profesión.

Cada área estará en permanente contacto con comunicación para favorecer a visibilización de cada un dos ámbitos de traballo da Educación Social.

Realizaremos de forma sistemática a presentación de informes sobre a Educación Social e os seus espazos relevantes para mostrar o noso posicionamento ante a opinión pública e como medio de facer Educación Social nos medios.

- Mantemento de redes sociais como vía de facer presente a profesión á cidadanía e información á colexiación.
- Mantemento de páxina web e uso por parte da colexiación e grupos de traballo
- Mantemento e reforzo do concurso de Traballos de Fin de Grao de Educación Social
- Promoción da participación colexial en redes e espazos de formación.

ESPAZO FÍSICO COLEXIAL

A necesidade de facer rede nesta profesión precisa dun achegamento claro da profesión ó CEESG reforzando o papel dos recursos humanos cos que contamos e valorando o incremento destes recursos.

PORTELO ÚNICO

Este novo espazo xerará entre a colexiación unha vía necesaria para manter a activación da mesma e axilizar todos os procesos relacionados ca colexiación

VISIBILIZACIÓN EN CONSELLO

Participación na nova Xunta de Goberno

Continuidade:

- Vogalía sociolaboral
- Comisión de ética
- Comisión de xénero
- ISE, informe socioeducativo como ferramenta propia da Educación Social

O Ceesg forma parte da xunta de goberno do Cgcees desde a súa creación asumindo diferentes encargos. Neste ano no que tamén haberá eleccións á Xunta de Goberno, o Ceesg manterá a súa continuidade como maneira de visibilizar a profesión e de dar importancia á colaboración e traballo en rede dos diferentes colexios profesionais.

Ademais seguiremos formando parte da vogalía sociolaboral, da comisión de ética, da comisión de xénero e diversidade e da comisión de avellentamento activo, aprendizaxe ao longo da vida e interxeracionalidade.


Valorarase a incorporación noutras comisións do Cgcees en función da demanda.

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

Participación activa na difusión e participación do VIII Congreso de Educación Social, que por primeira vez se fará de maneira descentralizada e online.

AS TOXAS: EQUIPA DE TRABAJO.

Esta nova candidatura agrupa a un colectivo de educadoras e educadores sociais cunha finalidade común: **Posicionar a Educación Social na sociedade galega como un dereito da cidadanía**



Sonia González Rodríguez
Colexiada 3402
Presidencia

Educadora Social vocacional. **Feminista** e defensora da **xustiza social**. Colexiada convencida, formo parte de Abeira.

Diplomada e posteriormente graduada en Educación Social pola UDC.

Realizo a labor profesional no Servizo de Educación e Apoio familiar en Arteixo.

Especialista universitaria en **Intervención Familiar** e en **Mediación Familiar**.

Entendo a Educación Social como a profesión do **acompañamento social e educativo á cidadanía** dende a **presenza cercana**, dende a necesidade de favorecer procesos de toma de decisións nas persoas que favorezan a súa autonomía e dignidade.

Buscadora de **aprendizaxes** de vida e de mellora da profesión. Viaxeira incansable e defensora das familias, incluída a miña.



Rocío Núñez Rúa
Colexiada 3867
Vicepresidencia

Da promoción do 98-01 da Universidade de Vigo.

Feminista, nai, alegre e responsable. Canguesa de nacemento e **corazón** e santiaguesa por escolla.


Amante da música ao vivo cunha ampla traxectoria no **activismo social** compostelán.

Máster en Mediación e **Orientación Familiar**. Especializada en **diversidades**.

O meu traballo desenvolveuse durante 15 anos no **Terceiro sector de Acción social**, actualmente son funcionaria da **Administración pública** nos **Servizos sociais comunitarios**.

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

Formei parte da anterior Xunta de Goberno do Ceesg e coordinei o Grupo de traballo de **saúde** “Miolo”.



Alfonso Tembrás López
Colexiado 0103
Secretaría

Levo case 30 anos traballando en programas e accións orientadas a previr e atender ás persoas con problemas relacionados co consumo de **drogas**. Paralelamente levo desenvolto diversas responsabilidades no ámbito colexial desde os seus inicios (e antes).

Actualmente coordino a Comisión de **Ética Benestar** do Colexio, tamén participo no Grupo de traballo Miolo e na Comisión *de* **Deontoloxía** do CGCEES



Rodrigo Gil Cedillo
Colexiado 5328
Tesouraría

Graduado en Educación Social da promoción 2015-2019 da Universidade da Coruña. Curso actualmente o Máster en **Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria** na mesma universidade. Desde que rematei a carreira traballei especialmente no ámbito **da protección da infancia**, pasando por diferentes recursos como centro de protección, **Punto de Encontro Familiar** e programas de atención e integración familiar. Actualmente traballo nunha iniciativa que busca atender, apoiar e acompañar a persoas en situación de vulnerabilidade para que poidan acceder a recursos sociais.

Especialmente interesado no ámbito da exclusión social e os **dereitos sociais**, concretándose ese interese no **activismo** a favor da **Renda Básica**.

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL



Jesús Deibe Fernández Simo
Colexiado 4851
Vogal

Diplomado en educación social no ano 2000. Graduado en Educación social no 2015. Doutor en ciencias da educación pola Universidade de Vigo.

Traballei durante dúas décadas en diferentes **recursos especializados no acompañamento socioeducativo** con adolescencia en **vulnerabilidade social**.

Actualmente traballo a tempo completo como docente e investigador en Educación Social no Campus de Ourense.

Publiquei diversos traballos sobre a **acción socioeducativa** con mocidade en situación **de dificultade social**.



Pilar Ramallal Fernández
Colexiada 4801
Vogal

Diplomada en Educación Social e licenciada en Pedagogía. Traballo no Sistema de Protección á infancia, en concreto en programas de **acollemento residencial e tránsito á vida independente** das mozas e mozos.

Defensora de situar á **infancia** no centro, a súa **escoita** e os seus intereses. En continuo camiño e aprendizaxe para poder afinar a mellor ferramenta no **acompañamento socioeducativo** das mozas e mozos: a figura da educadora social, a que acompaña, a que **cría terapeuticamente** e a que en definitiva, exerce de **titora de resiliencia**.

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL



Noelia Rodríguez Álvarez
Colexiada 3408.
Vogal

Educadora social **feminista activista**. Da promoción do 96-99 da USC e coa mesma ilusión, gañas e enerxía que o primeiro día.

Proactiva, resiliente e con moita enerxía, gusto especialmente do traballo en equipo.

Experta en **igualdade de xénero** e en **xerontoloxía social** e dedicada profesionalmente á docencia para o emprego e á **prevención** e intervención na violencia de xénero.

No ámbito colexial o meu traballo está sobre todo no Cgcees onde formo parte da Xunta de Goberno. Coordino a área de comunicación e a comisión de xénero e **diversidade**. Por que dicir non, cando podes dicir que si?



María Jesús Segade Conde
Colexiada 0455
Vogal

Educadora social **feminista**. Da promoción do 96-99 da Universidade de Vigo. A Educación Social é un todo na miña vida diaria, entendéndoa como un **medio de transformación social**, buscando a **igualdade**, no seu sentido máis amplo, valorando todos os aspectos que nos fan únicos e que enriquecen as distintas comunidades das que podemos formar parte, respectándonos e axudándonos independentemente do **xénero, procedencia, crenzas, economía, status social...**

Despois de exercer o meu labor profesional en distintas institucións, levo anos traballando nos Servizos Sociais comunitarios do Concello de Melide como Educadora Social no **Servizo de Educación e Apoio familiar**, dende o cal procuro transmitir os valores mencionados anteriormente, aportando o meu gran de area, na mellora da sociedade.

Especialista universitaria en **Intervención Familiar** e na **Mediación**, un dos meus ámbitos predilectos.

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

Amante da loita sen armas, coma ferramenta para acadar unha **sociedade xusta, equitativa e inclusiva**.



Carmen Zamora Castro
Colexiada 3448
Vogal

O que comezou como un traballo de verán completou a miña vida profesional (27 anos) permitindo desempeñar o que aínda non sabía era a miña **vocación**. Tiven a **sorte** de aprender dos nen@s cos que convivín dende a miña experiencia de **Educadora de Casa de Familia**, moitos dos cales forman parte do meu círculo de persoas importantes, exemplos de **superación e loita continua**.

Compatibilizo a miña vida profesional coa persoal vivindo na **Casa de Familia** apostando así por un **modelo inclusivo**.

Participei na creación de Arela e Faibén, onde nesta última, desenvolvo actualmente a miña labor profesional como educadora e membro do **Equipo directivo**.

Entendo a educación dende a **perspectiva da responsabilidade** para defender os **dereitos das nenas e nenos en desprotección**, e porque é necesaria para axudar a restablecer as dificultades da nosa sociedade.

Encántame “hempregar o sentido do humor como ferramenta”

SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

